



A Fundación Pública Galega Rof Codina convoca Concurso Público **NÚM. T02_2022**, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colaborará no proxecto de investigación que figura no anexo a esta Resolución da Dirección Xerencia, de acordo coas seguintes bases.

1. OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar no proxecto de investigación que figura no anexo I da presente convocatoria. A persoa contratada colaborará especificamente neste proxecto de investigación para o que é contratada.

2. REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS

Para seren admitidas as persoas aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo I desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais.

a) Nacionalidade:

- Ser español.
- Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
- Ser nacional dalgún Estado ao que sexa de aplicación a liberdade de circulación de traballadores.
- Independentemente da súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos Estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente Tratado, o/a cónxuxe dos nacionais dalgún Estado nos cales sexa de aplicación a liberdade de circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito.
- Así mesmo, e coas mesmas condicións que os/as cónxuxes, poderán participar os/as descendentes e os do/a seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que vivan ás súas expensas.
- Aquelas persoas que, non estando incluídas nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación legal, sendo titulares dun documento que as habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia, poderá participar quen se atope en situación de residencia temporal, quen se atope en situación de residencia permanente, quen se atope en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.

b) Idade: ter feitos os dezaseis anos.

- c) Estar en posesión da titulación de **GRAO OU LICENCIADO/A EN VETERINARIA**, establecida no ANEXO I. No caso de que a dita titulación se obtivese no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real decreto 967/2014, do 21 de novembro (BOE do 22 de novembro), e o Real Decreto 581/2017, de 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de Información do Mercado Interior (Regulamento IMI).
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao posto a que se opta.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- f) Acreditar o coñecemento do galego (nivel mínimo Celga-4).

Todos os requisitos deben posuírse o día de finalización do prazo para presentar a instancia. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión de documentos que acrediten de maneira fidedigna a súa homologación.

3. SOLICITUDES

O prazo de solicitude de bases e presentación de instancias será de 15 días naturais contados a partir da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia. As bases da convocatoria estarán dispoñibles na páxina web da FPGRC (www.rofcodina.org). A entrega realizarase na web da FPGRC, segundo o modelo de instancia que estará dispoñible en dita web.

4. DOCUMENTACIÓN

Os/as aspirantes deberán acompañar xunto ao modelo de instancia, copia do seu documento nacional de identidade e o seu curriculum vitae, debidamente xustificado mediante copias dos títulos ou calquera outros documentos acreditativos que consideren oportunos, quedando obrigado a presentar os orixinais que lles fosen requiridos. A documentación que cada aspirante acompañe á súa solicitude deberá estar agrupada e debidamente rotulada. Os méritos alegados e non probados do xeito sinalado no presente punto non serán tidos en conta.



Tamén deberán acompañar documento xustificativo de estar en posesión do título de Celga 4, perfeccionamento en galego ou equivalente debidamente homologado pola Dirección de Política Lingüística para os efectos da exención da proba de lingua galega.

5. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o xerente da Fundación Pública Galega Rof Codina ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de CINCO (5) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante a Dirección Xerencia (ou a Presidencia) da Fundación Pública Galega Rof Codina, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Lugo.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6. PROCESO DE SELECCIÓN

Para regular o funcionamento do Tribunal, serán de aplicación as "Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección" do 11 de abril de 2007, modificadas polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

A composición do Tribunal de Selección será a seguinte:

- Presidente: Luis Felipe de la Cruz Palomino, director xerente da FPGRC e catedrático de Universidade.
- Vogal 1º: Antonio González Cantalapiedra, director veterinario do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesor titular de Universidade.
- Vogal 2º: María Luisa Suárez Rey. xefa de Servizo de Medicina Interna do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesora titular de Universidade.
- Vogal 3º: Andrés Barreiro Lois. xefe de Servizo de Diagnostico pola Imaxe do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesor titular de Universidade.



- Secretaria: Cristina Carrera Gonzalez. Facultativa do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesora asociada de Universidade.

Para que o Tribunal de Selección se constituía validamente, será necesaria a asistencia de todos os membros e os acordos tomaranse por maioría.

Os aspirantes poderán recusar aqueles membros do Tribunal que, encontrándose incluídos nalgunha das causas de abstención relacionadas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, non se abstiveran. O procedemento de selección realizarase a través de dúas fases: a baremo dos méritos e a entrevista persoal.

Fase 1: Baremo dos méritos

O Tribunal de Selección soamente poderá ter en consideración aqueles méritos obtidos ata a data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Tribunal reunirse nun máximo de TRES (3) días hábiles para avalialas, facendo constar nas actas das súas reunións ditas cualificacións. O Tribunal publicará un **LISTADO PROVISORIO DA FASE 1** coas puntuacións obtidas por cada candidato. Os candidatos poderán presentar alegacións no prazo de TRES (3) días hábiles seguintes á publicación do dito listado. Finalizado dito prazo, o Tribunal resolverá as alegacións recibidas e publicará o **LISTADO DEFINITIVO DA FASE 1**. Soamente aqueles candidatos que superen a **puntuación mínima esixida de 45 puntos** (o que supón o 50 % do total dos puntos posibles desta fase) serán convocados á fase 2.

Fase 2: entrevista persoal

Na publicación do listado anterior, o Tribunal incluírá a convocatoria daqueles que superen os CORENTA E CINCO (45) PUNTOS MÍNIMOS esixidos na convocatoria para á realización da **entrevista persoal** que terá lugar na Fundación Pública Galega Rof Codina (Estrada da Granxa, 51 - 27002 Lugo) e unha duración aproximada de vinte (20) minutos por cada candidato.

A entrevista consistirá nunha conversa individualizada dos membros do Tribunal con cada candidato sobre o seu perfil profesional, a súa dispoñibilidade de incorporación ao posto, a súa capacidade de integración en grupos de traballo, a experiencia laboral no ámbito da profesión veterinaria en xeral e na investigación animal en particular, os logros profesionais obtidos e os obxectivos profesionais a medio e longo prazo na súa carreira.



Unha vez realizadas as entrevistas, o Tribunal publicará un **LISTADO PROVISORIO DA FASE 2** coa puntuación obtida por cada candidato na entrevista persoal. Os candidatos disporán dun período de TRES (3) días hábiles para presentar alegacións ao dito listado.

Finalizado dito prazo, o Tribunal resolverá as alegacións recibidas e publicará o **LISTADO PROVISORIO FINAL**, ordenando aos candidatos pola puntuación acumulada obtida nas dúas fases de maior a menor. Os candidatos disporán dun prazo de TRES (3) días hábiles para presentar alegacións a este listado. Unha vez finalizado este prazo e atendidas as alegacións recibidas, o Tribunal publicará o **LISTADO DEFINITIVO FINAL**.

O Tribunal de Selección proporá á Presidencia da Fundación Pública Galega Rof Codina o candidato que obtivera a maior puntuación e un listado ordenado de ata tres reservas polas puntuacións obtidas. Dita proposta elevarase ao presidente da Fundación Pública Galega Rof Codina, para a súa adxudicación.

No caso de que dous ou máis candidatos obtivesen a mesma puntuación estarase ao disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. En segundo lugar, será preferido o que alcanzase a maior puntuación na fase de oposición e, de persistir o empate, resolverase por orde alfabética, segundo o resultado do sorteo público ao que se refire o Regulamento de Selección de Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio económico.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

O Tribunal de Selección no caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar de forma motivada a non adxudicación do posto convocado.

7. CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremo que se terán en conta serán os que figuran no anexo I desta convocatoria.

8. NOTIFICACIÓN AOS/ÁS ASPIRANTES

De acordo co artigo 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse na páxina web da Fundación Pública Galega Rof Codina <http://www.rofcodina.org>, único punto de notificación válido, a efectos do artigo antes mencionado.



Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 21 de abril de 2022.

O director xerente da Fundación Pública Galega Rof Codina
Luis Felipe de la Cruz Palomino

ANEXO I**REFERENCIA DA PRAZA: T02_2022**

DATOS DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Aproveitamento de descartes da pesca mediante o deseño de alimentos dietéticos de alto valor engadido para mascotas
Centro de Traballo	Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC)
Investigador principal	González Cantalapiedra, Antonio e Suárez Rey, María Luísa

CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	• Realización dos traballos de investigación baixo supervisión dos Investigadores Principais. • Coordinación dos diferentes servizos do HVU-RC involucrados no proxecto: Laboratorio, DPI... • Captación e selección suxeitos do estudo clínico. • Toma de mostras. • Ovariohisterectomías. • Control saúde e coidado dos suxeitos do estudo. • Análise estatística dos resultados do estudo clínico. • Calquera outro que sexa necesario dentro do ámbito do proxecto de investigación.
Retribución bruta anual	26.511,39 €
Duración do contrato*	17 meses
Data de inicio prevista*	01/06/2022 ou a partir do día seguinte á resolución de selección
Xornada laboral	Xornada Completa (7,5 horas diarias en horario libre de luns a venres)
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou Licenciado en Veterinaria		
MÉRITOS A VALORAR		
Mérito	Puntos	Porcentaxe máximo
Cualificación media Expediente académico	Sobresaliente: 4 puntos. Notable: 3 puntos. Ben: 2 puntos. Suficiente: 1 puntos. Premio fin de carreira: 1 punto	5%
Título de Doutor/a en Veterinaria	15 puntos	15 %
Curso de experimentación animal categoría C	15 puntos	15 %
Título de capacitación para dirixir instalacións de radiodiagnóstico	15 puntos	15 %
Publicacións indexadas no "Journal Citation Reports" relacionadas coa investigación en veterinaria e biomedicina	2 puntos por artigo ata un máximo de 10 puntos	10 %
Comunicacións a congresos na área da veterinaria e biomedicina	0,70 puntos por comunicación oral 0,35 por comunicación póster Ata un máximo de 10 puntos	10%
Outros méritos Formativos na área veterinaria	0,02 puntos por hora recibida 0,04 por hora impartida Ata un máximo de 5 puntos	5%
Experiencia laboral en contratos de Investigación/bolsas de investigación competitivas	0,3 puntos por mes ata un máximo de 15 puntos	15 %
Puntuación mínima esixida para ser convocado á entrevista persoal (FASE 2): 45 puntos		
Mérito	Puntos	Porcentaxe máximo
FASE 2: entrevista persoal	máximo 10 puntos	10 %
Puntuación mínima esixida na FASE 2: 0 puntos		

* A data de inicio prevista e a duración do contrato poden sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato e da duración do proxecto de investigación.



ANEXO II

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PÚBLICA T02_2022 DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Aproveitamento de descartes da pesca mediante o deseño de alimentos dietéticos de alto valor engadido para mascotas
Centro de Traballo	Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVV-RC)
Referencia da praza	T02_2022

DATOS PERSOAIS	
Nome e apelidos	DNI
Rúa, número, planta, porta:	C.P:
Municipio, Provincia:	Teléfono:
Nº Seguridade Social:	e-mail:

Solicita participar no proceso selectivo da praza coa referencia indicada arriba

Lugo _____ de _____ de 2.022

Sinatura

Excmo. Sr. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN ROF CODINA

A Fundación Rof Codina, con domicilio social na Estrada dá Granxa 51 27002 Lugo, infórmlle que os datos persoais que vostede nos proporcione, así como os datos aos que teña acceso como consecuencia da presente convocatoria, do mantemento da relación que lle une ou lle poida unir con esta Fundación, do envío de comunicacións incluíndo as comunicacións electrónicas e da xestión integral da súa información persoal na Fundación, serán incorporados a varios ficheiros automatizados ou non, para o que vostede presta o seu consentimento expreso, preciso e inequívoco. Ditos ficheiros, foron debidamente inscritos ante o Rexistro Xeral de Protección de Datos. A Fundación garántelle en todo momento o dereito a coñecer os criterios e programas utilizados. A finalidade destes ficheiros responde á necesidade do tratamento da súa información persoal para a xestión tanto económica como administrativo-docente e de investigación así como para a realización de actividades de difusión e publicidade da Fundación. Todos os datos que se lle solicitan son obrigatorios e a negativa a fornecerlos suporá a imposibilidade de concluír ou manter a relación que lle une coa Fundación. A Fundación infórmlle que a súa información poderá ser cedida en virtude das cesións obrigatorias establecidas na Lei así como a aquelas empresas, entidades ou organismos patrocinadores así como a través das publicacións ou accións de difusión realizadas pola Fundación para o que Vde. consente expresamente. A Fundación garante que adoptou as medidas oportunas de seguridade nas súas instalacións, sistemas e ficheiros, así como o tratamento confidencial dos Datos Persoais de conformidade coa lexislación vixente aplicable, aínda que, poderá difundir as características xerais dos proxectos empresariais presentados, e no seu momento, os nomes dos proxectos gañadores e os seus promotores. A Fundación garántelle en todo momento o exercicio dos seus dereitos de acceso, cancelación e oposición nos termos establecidos na lexislación vixente, dirixíndose por escrito e indicando o concreto dereito que desexa exercer a calquera das direccións anteriormente indicadas.